Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido a retraso na atención á dependencia dun neno de 16 meses

Expediente: G.6.Q/158/22

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [redacted] referente ao retraso na atención á dependencia dun neno de 16 meses.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que reclama contra o servizo de dependencia porque o seu fillo [redacted], de 16 meses, ten recoñecido o grao I de dependencia e o 33% de discapacidade, polo que lle corresponde unha mensualidade para poder facer fronte a gastos médicos.

Tras aportar a documentación (datos do neno, contratos coas clínicas...), din en novembro que está tramitado e solicitan ás clínicas facturas de forma urxente, antes do 30 de novembro, para poder dar de alta ao neno na nómina de decembro. Informarían da contía por carta. A mediados de decembro chamou porque non recibira ningunha comunicación e dixeron te que debe esperar aos orzamentos de 2022 e que se terá en conta o tempo esperado. O 18/1/22 din que probablemente entre na nómina de marzo e que non se teñan en conta os gastos anteriores. Tanto o trámite da discapacidade como de dependencia iniciouse en xullo, sinala.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que xa nola remitiu. No informe sinálase o seguinte:

*"O expediente de [redacted] ([redacted]) foi iniciado o 23/07/2021.*

*Logo de examinada a solicitude comprobouse que a mesma carecía dalgúns documentos imprescindibles para a tramitación polo que, á vista do establecido no artigo 21 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, en data 28/07/2021 requiriuse para poder efectuar a valoración:*

*1.-Certificado de convivencia, da persoa en situación de dependencia, segundo o Padrón Municipal.*

*2.-Informe de condicións de saúde.*

*3.-Certificado de empadroamento acreditativo de residencia da persoa en situación de dependencia.*

*Dita documentación foi achegada o 06/08/2021.*

*A valoración de grao de dependencia inicial foi realizada o 16/09/2021, resolto en data Data 23/09/2021:*

*·Tipo resolución: Normal con acceso*

*·Grao-Nivel: I*

*·Modo Resolución: Non permanente*

*·Data Revisión: 21/03/2022*

*Iniciada a tramitación do Programa Individual de Atención (PIA), en data 14/10/2021 requiriuse:*

*1.-Certificado expedido pola entidade prestadora dos servizos de promoción da autonomía persoal (…), que faga constar o tipo de servizos ós que acode a persoa en situación de dependencia, a data de comezo dos mesmos e o número de horas mensuais que ten contratadas de cada un deles.*

*2.-Certificado expedido pola entidade prestadora dos servizos de promoción da autonomía persoal (…).*

*3.-Fotocopia compulsada do contrato usuario/a-entidade prestadora.*

*4.-Orixinal ou copia compulsada das facturas emitidas polas entidades prestadoras dos servizos de promoción da autonomía persoal (…).*

*Dita documentación foi achegada o 17/11/2021.*

*Pasado o expediente ó Órgano de Valoración da Dependencia (OVD) sobre o recurso idóneo a resolver a [redacted], en data 21/12/2021 emite informe no que propón, á vista da documentación presente no expediente, os informes técnicos e analizada a situación socio-familiar e económica como recurso idóneo a libranza para coidados na contorna familiar (Ata 80h/mes) compatible coa libranza vinculada a servizos de promoción da autonomía persoal (Ata 8 horas /mes), entre outros:*

*01010505 Logopedia*

*01010503 Fisioterapia*

*Debido o peche do exercizo por parte da Intervención Territorial no mes de decembro de 2021, non foi posible a entrada en nómina.*

*A Resolución do PIA está prevista con data efectos do 01/03/2022, cos atrasos que, no seu caso, correspondan.*

*Indicar, por último, que ó presente expediente aplicóuselle o preceptuado no artigo 26.3 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, que indica "Debido ás características específicas do recoñecemento da situación de dependencia dos menores de tres anos, establécese a prioridade na tramitación destes procedementos para evitar a demora e interferencia nos prazos de revisión".*

*No presente expediente os prazos víronse lixeiramente demorados polos requirimentos efectuados e posterior entrega da documentación requirida.*

ANÁLISE

1. Confírmase o expresado na queixa, é dicir, que a solicitude para a valoración e a atención da persoa menor de 3 anos é de 23 de xullo de 2021, pero aínda non se resolveu o PIA e por tanto non se pagou ningunha das dúas prestacións previstas para afrontar os gastos e a situación.

2. Sucede a pesar de que, como sinala o informe, o artigo 26.3 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, prevé que "debido ás características específicas do recoñecemento da situación de dependencia dos menores de tres anos, establécese a prioridade na tramitación destes procedementos para evitar a demora e interferencia nos prazos de revisión".

3. O informe sinala que se aplicou dito precepto, pero nin tan sequera estanse a cumprir os prazos ordinarios (3 + 3 meses, descontando o tempo de suspensión do procedemento polas dúas esperas por documentación requirida).

4. O informe sinala que a aprobación do PIA producirase en marzo, para despois comezar os pagos, incluídos os atrasos. E pretende xustificar o retraso, que cualifica de lixeiro (debe entenderse que se refire aos prazos ordinarios, pero non á previsión de prioridade), en que deuse o peche do exercicio por parte da intervención en decembro de 2021, o que imposibilitou o que chama a entrada en nómina.

5. Porén, non parece xustificable o retraso posterior á circunstancia que se apunta -de carácter interno-, o peche do exercicio pola intervención. E iso porque os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2022 aprobáronse por Lei 17/2021, de 27 de decembro (DOG de 31 de decembro), porque o procedemento segue a ser urxente, e porque dende que comezou o ano non se atopaba condicionado pola circunstancia apuntada.

6. O retraso da valoración, do PIA e en definitiva do abono das libranzas afecta a un caso previsto regulamentariamente como de urxencia para facer efectiva a necesaria atención temperá dun neno de poucos meses.

7. Quen promoveu a queixa demanda a preservación de dereitos e intereses especialmente protexidos na Constitución Española (artigos 49). Como consecuencia do anterior os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexelos, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

*Que con carácter xeral se dea estrito cumprimento á previsión regulamentaria que establece a prioridade dos procedementos de atención á dependencia dos menores de 3 anos, e que con urxencia se resolva e se dea efectividade ao PIA do neno afectado.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da resolución formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlles efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte a data na que formulou esta resolución incluiranse na páxina web da institución.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo